

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2019

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezanove horas do día vinte e un de febreiro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas, concelleiros non adscritos.

Non asiste, con escusa, dona Rocío Vila Díaz, do PP.

Asisten don Manuel Roel Hernández-Serrano, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 21 de febreiro de 2019, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201902211802040000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Pronunciamento do Pleno respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 95.2 do Regulamento orgánico municipal

Acceso á videoacta – 00:00:29 horas

O señor alcalde somete a votación a urxencia do asunto a tratar, con base na xustificación contida na proposta presentada, fundamentada na necesidade de ter canto antes o orzamento municipal a disposición.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 95.2 do ROM.

2º Proposta de desestimación das alegacións presentadas ao acordo de aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio 2019, e aprobación definitiva deste

Acceso á videoacta – 00:00:58 horas

Vista a proposta de Alcaldía do día 14 de febreiro de 2019 que consta do seguinte teor literal:

«En sesión extraordinaria de data 31 de decembro de 2018, o Pleno da corporación aprobou inicialmente o orzamento para o exercicio 2019, xunto cos seus anexos e Bases de execución por importe de 17.601.546,35 euros.

O dito acordo foi publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 4, de data 7 de xaneiro de 2019, presentándose alegacións no período de exposición pública con data 28 de xaneiro de 2019 con núm. de rexistro 0/612 por don Carlos Lamora Suárez en representación de Edar Bens S.A. con CIF A 70290358 e domicilio na R/Manuel Murguía, Edificio Casa del Auga, CP 15011 (A Coruña)

Vistas as alegacións presentadas ao presuposto municipal.

Considerando o informe emitido polo interventor municipal de data 8 de febreiro de 2019

I.-ANTECEDENTES

- O Pleno municipal, en sesión extraordinaria celebrada o día 31 de decembro de 2018, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2019. O devandito acordo foi sometido a 15 días hábiles de exposición pública, mediante anuncio inserido no BOP nº 4, de data 7 de xaneiro de 2019.

- O 28 de xaneiro de 2018, con rexistro de entrada nº 0/612, D. Carlos Lamora Suárez Director Xeral da Edar bens S.A., presenta alegacións ao referido acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral para 2019, polo tanto dentro do prazo estipulado.

II.-NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Esta constituída fundamentalmente por:

- Constitución de 1978.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.
- RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.(TRLHL)
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.

III.- CONSIDERACIÓNS.

I.-Lexitimación dos interesados para presentar reclamacións ao Orzamento Xeral.

Teñen a consideración de interesados, os enumerados no apartado primeiro do artigo 170 do TRLHL:

- a.- Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.
- b.- Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.

c.- Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

A Edar Bens, S.A. con CIF nº A70290358 constitúe un medio propio do Concello de Cambre encargada da prestación do servizo de transporte e depuración de augas residuais no termo municipal segundo determinan os art. 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 de acordo co contido do acordo plenario de 26/09/13 de establecemento do novo servizo municipal de augas residuais e a encomenda da súa xestión á citada empresa, como medio propio y servizo técnico do Concello e de adquisición dun 7% do seu capital.

Neste punto non deixa de ser algo peculiar que un “medio propio” presente unha alegación ao orzamento dunha entidade das que depende, pero dado o seu carácter “personificado” podemos considerar a Edar Bens S.A. dentro do suposto de “interesado” do art.170.b do TRLHL de forma que estaría lexitimada para presentar alegacións ao orzamento municipal.

II.-Causas admisibles de reclamación.

O artigo 170 do TRLHL no seu apartado segundo, establece que unicamente se poderán presentar reclamacións polos seguintes motivos:

- a.- Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos.
- b.- Por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c.- Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto a as necesidades para as que están previstos.

III.-Alegacións.

O contido da alegación única da Edar Bens, S.A. (EBSA, en adiante) presentada polo seu Director Xeral e a seguinte:

No seu escrito concreta literalmente a alegación presentada como “vulneración dos artigos 176.2 e 182.1.b do TRLHL, ase como do principio de prohibición do enriquecemento inxusto” o que, como pode observarse, non corresponde a ningunha das tres causas que o art.170 do TRLHL regula como habilitantes para poder entablar reclamacións contra o orzamento municipal.

O reclamante continua explicando a súa alegación manifestando que o Concello de Cambre debe incluír no orzamento de 2019 una previsión de gasto por importe de 311.929,55 € que corresponden a diferenza entre o importe total das facturas presentadas ao Concello polos períodos relativos ao primeiro trimestre do ano 2014, todo o 2017 e os dous primeiros trimestres do 2018 e o importe recoñecido e aprobado o seu pagamento a EBSA por acordo plenario de 27 de decembro de 2018 (343.278,83 €).

Así mesmo, o Director Xeral de EBSA indica que, segundo establecen os arts. 165 do TRLHL e 8 do RD 500/1990, o orzamento xeral de Cambre deberá conter os estados de gastos nos que se incluírán os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas entre as que se atopa o abono da débeda pendente co EBSA (311.929,55 €).

Tamén manifesta a necesidade de incorporar, atendendo ao disposto no art.168 do TRLHL, ao expediente de aprobación do orzamento, entre outra documentación, “un informe económico-financieiro” no que se expoñan as bases necesarias para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

Continua expresando que analizando o orzamento para o ano 2019 constata que a partida 22799 do programa 160 non alcanza a cantidade necesaria para facer fronte ao abono da débeda que ata a data ten pendente de pago a EBSA correspondente a prestación de servizos efectuada durante o primeiro trimestre do ano 2014, todo o 2017 e os dous primeiros trimestres do 2018 realizados en virtude do acordo plenario municipal de 26 de setembro de 2013 engadindo que a insuficiencia desta partida orzamentaria non parece ser produto dun erro senón que estaría motivada por una decisión

consciente de non aboar o importe total das facturas emitidas ata a data polos servizos prestados durante os períodos indicados.

De seguido o Director Xeral de EBSA describe o contido dos arts. 176 e 182 do TRLHL sinalando que, de acordo co disposto nos citados preceptos, as EE.LL. deben **incorporar** ao estado de gastos do orzamento os créditos que amparen compromisos de gasto adquiridos en exercicios anteriores, e realizarse con cargo ao mesmo e no intre do seu recoñecemento, as obrigas que deriven de ditos compromisos e aclara este ultimo razoamento indicando que o TRLHL establece que, se non realizouse o pago dos compromisos adquiridos en exercicios anteriores a pesar da súa consignación orzamentaria, as EE.LL. deberán **incorporar** o crédito necesario para atender a ditos compromisos no orzamento do exercicio seguinte e, nembargantes, o Orzamento Xeral 2019 aprobado inicialmente polo Concello de Cambre non **incorpora** previsión algunha para abonar a EBSA as cantidades que se lle deben polo servizo prestado de depuración de augas residuais encomendado a EBSA segundo acordo do Pleno de data 26 de setembro de 2013 o que non resulta axustado a dereito e xera un claro enriquecemento inxusto da Corporación Municipal.

E remata a alegación poñendo de manifesto que a omisión de crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles a entidade local en función de titulo lexítimo (como no presente caso, a tenor da vinculación establecida entre o Concello e EBSA) O constitúe una causa de impugnación dos orzamentos de conformidade co disposto no art.170 do TRLHL e art.22.2.b do RD 500/1990, por todo o cal solicita se teñan por formuladas as alegacións anteriores fronte ao orzamento xeral 2019 aprobado inicialmente polo Pleno mediante acordo de 31/12/2018 e acorde incluír no orzamento a correspondente previsión de gasto por importe de 311.929,55 € con destino a pagar a EBSA as cantidades debidas.

En contestación ao anteriores argumentos contidos na alegación procede efectuar as seguintes consideracións:

1.-Como xa indiquei anteriormente os motivos principais da alegación, "vulneración dos artigos 176.2 e 182.1.b do TRLHL, ase como do principio de prohibición do enriquecemento inxusto", non corresponden a ningunha das tres causas que o art.170 do TRLHL regula como habilitantes para poder entablar reclamacións contra o orzamento municipal.

De facto, nos referidos artigos do TRLHL regúlense unhas excepcións ao principio de temporalidade dos créditos orzamentarios consistentes en:

a.-Na aplicación ao orzamento vixente, no intre do seu recoñecemento, de obrigas derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores **previa incorporación dos créditos** financiados con ingresos afectados (de incorporación obrigatoria, suposto do art.176.2 en relación co 182.3 do TRLHL).

b.-Na posibilidade de incorporar aos correspondentes créditos dos orzamentos de gastos do exercicio inmediato seguinte, sempre que existan para iso os suficientes recursos financeiros, os créditos que amparen os compromisos de gasto a que fai referencia o apartado 2. b) do artigo 176 do TRLHL (suposto do art.182.1.b do TRLHL).

Os referidos arts. alegados polo Director Xeral de EBSA (176 e 182) están incluídos dentro da Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLHL relativa aos "créditos e as súas modificacións" e, mais concretamente, o alegante estase a referir a figura das incorporacións de crédito, un dos tipos de modificacións de crédito reguladas polo TRLHL materia diferente e allea a Sección 1ª referente a "contido e aprobación dos orzamentos" que é a que afecta ao expediente de elaboración e aprobación do orzamento que é obxecto da alegación por parte de EBSA.

2.-Respecto a referencia do alegante ao contido dos arts. 165 do TRLHL e 8 do RD 500/1990 sobre o estado de gastos do orzamento, e dicir, os estados de gastos nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigacións iso é precisamente o que contén os referidos estados de gastos do orzamento municipal para o exercicio 2019 os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario non provenientes de exercicios anteriores de acordo co principio legal de anualidade orzamentaria. Polo tanto, o Concello de Cambre esta a cumprir ca normativa orzamentaria.

3.-En canto a mención realizada polo Director Xeral de EBSA a necesidade de incorporar ao expediente o informe económico-financieiro regulado no art.168 do TRLHL debo manifestar que o citado informe consta entre la documentación integrante do expediente orzamentario aprobado inicialmente polo Pleno na sesión celebrada o pasado 31 de decembro de 2018.

4.-Respecto da que cualifica insuficiente dotación económica da aplicación orzamentaria 160.227.99 para facer fronte a débeda que, segundo o alegante, ten o Concello de Cambre con EBSA (311.929,55 €) reiterar que esta a confundir a dotación dunha partida para facer fronte a obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario, e dicir, 2019 cas cantidades derivadas de prestacións de servizos realizadas en exercicios anteriores ao 2019 no marco da relación Concello-EBSA como medio propio respecto da actividade de depuración.

5.-O alegante non ten en conta dentro da súa argumentación un aspecto relevante, cal e que se existen diferencias entre a posición da EBSA e a do Concello que veñen de varios exercicios e porque non houbo acordo sobre as cantidades a aboar a EBSA polos servizos de Depuración polo que o referido medio propio non pode atribuírse unilateralmente a potestade de cualificación de obriga esixible para o Concello de Cambre xa que existen puntos significativos pendentes de clarificar na determinación da remuneración-compensación de EBSA como son o devengo do IVE, os conceptos retributivos a aplicarlle (padrón completo ou recadado) e en primeiro lugar a necesaria e prioritaria determinación e concreción da encomenda de xestión aprobada polo Pleno Municipal de 26/09/2013 como requisito imprescindible para regular a relación entre EBSA e o Concello na prestación do servizo de depuración existindo pagos efectuados polo Concello dende o exercicio 2014 sen ter a cobertura citada polo que, como manifestei no informe nº 133/2018 se debe proceder con carácter prioritario a concreción e regulación desa encomenda e a correspondente liquidación mutua de dereitos e obrigas antes de realizar mais pagos.

A maior abundamento procede lembrar o contido do apartado segundo do acordo plenario de 26/09/2013, a saber:

“Establecer que a xestión do servizo de transporte e depuración de augas residuais se levará a cabo de forma directa pola sociedade mercantil de capital público denominada EDAR BENS, S.A. como medio propio e servizo técnico do Concello de Cambre de cuxo accionariado formará parte este concello mediante a adquisición dunha porcentaxe do capital social da sociedade. Este acordo queda condicionado a que se modifiquen os estatutos de EDAR BENS S.A., recoñecéndose neles a condición de medio propio e servizo técnico deste concello e recollendo o tipo de encomendas que se lle poden encargar á empresa e en que condicións.”

E dicir, que o referido acordo esta condicionado a dúas circunstancias:

a.-A modificación dos Estatutos de EBSA recoñecendo neles expresamente a condición de medio propio e servizo técnico do Concello de Cambre, tal e como esixe o art.24 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e nos artigos 30 e 32 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

b.- Tipo de encomendas que se lle poden encargar á empresa e en que condicións como tamén ven regulado nas leis citadas no apartado “a” anterior e como e propio dos principios constitucionais e legais de eficiencia, eficacia e sometemento pleno a lei e o dereito circunstancia posta de manifesto pola Intervención Municipal de Cambre nos informes de 17 de xaneiro de 2017 e no informe nº 133/2018, de 17 de decembro.

Condicións que a data de emisión deste informe non se están a cumprir na súa totalidade polo que e evidente que debe procederse a súa urxente normalización para, acto seguido, poder cuantificar a correspondente compensación a EBSA pola execución dos servizos debidamente encomendados nas condicións concretas de prestación, compensación e xustificación de acordo ca normativa legal citada.

IV.-Procedemento.

O procedemento a seguir de acordo co establecido nos arts 169-171 do TRLHL e nos arts 20, 22 e 23 do RD 500/1990 pode sintetizarse do modo seguinte:

De presentarse reclamacións contra a aprobación inicial do Orzamento, de admitirse, o Pleno dispón dun mes para a súa resolución, sendo neste caso necesario, convocatoria previa da Comisión Informativa para o seu ditame. No Pleno non se vota novamente o Orzamento, unicamente a resolución das reclamacións, unha vez resoltas o Orzamento definitivamente aprobado será inserido no Boletín Oficial da Provincia. Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse, recurso contencioso administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición.

IV.-CONCLUSIÓNS

Polo que antecede, e á vista dos consideracións e razoamentos expostos procede a desestimación das alegacións presentadas, o 28 de xaneiro de 2019, con rexistro de entrada nº 0/612, por D. Carlos Lamora Suárez, Director Xeral de, polos motivos indicados neste informe entendendo que as mesmas non corresponden cos motivos taxados no artigo 170.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. É canto procede informar sen prexuízo doutro criterio mellor fundado en Dereito.

Outra cuestión e que procede regularizar a maior brevidade a situación da relación do Concello ca EBSA no senso de levar a efecto o debido cumprimento das condicións acordadas polo Pleno Municipal en sesión celebrada o 26 de setembro de 2013.”

Tendo en conta o disposto no artigo 169 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, proponse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Acordar a desestimación das alegacións presentadas pola empresa EDAR BENS S.A. con CIF A 70290358 con data 28 de xaneiro de 2019 e núm. de rexistro 0/612, contra o acordo de aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio 2019, en base aos fundamentos xurídicos sinalados no informe de Intervención de data 8 de febreiro de 2019.

SEGUNDO: Publicar o orzamento xeral para o exercicio 2019 definitivamente aprobado, resumido por capítulos, no *Boletín oficial da provincia* tal e como establece o artigo 169.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, así como o cadro de persoal do concello de Cambre para o 2019.

TERCEIRO: Regularícese a maior brevidade a situación da relación do Concello con EBSA, no senso de levar a efecto o debido cumprimento das condicións acordadas polo Pleno Municipal en sesión celebrada o 26 de setembro de 2013.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 19 de febreiro de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os catro concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e o concelleiro non adscrito (don Manuel Rivas Caridad).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as dezanove horas e vinte e dous minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia